

## *Memoria de cidades sen luz.* I. L. Silva

A Coruña é a cidade da que parte Inma López Silva na apaixonada viaxe de *Memoria de cidades sen luz* (Galaxia), unha novela que lle valeu o Premio Blanco Amor e que a ela a converte nunha das narradoras máis maduras e versátiles do panorama actual. Autora de títulos que xa apuntaban a súa pericia para desenvolver historias que se moven entre a dimensión da pescuda íntima e a fabulación –*Neve en abril* (2005) ou *Concubinas* (2002)–, Silva ofrece unha novela de itinerancia, de exiliados, por onde aparecen personaxes históricos reais e personaxes de invención literaria. Desde A Coruña a Nova York, á procura sempre dunha liberdade e dun amor que lle esvara ao protagonista das mans. O desterro e o exilio, a memoria e as perspectivas de futuro trazan o corazón dunha obra en primeira persoa que se pode ler como unha intriga de múltiples brazos, pero tamén como unha indagación nun tempo e nunha época que, dalgún xeito, segue a marcar as nosas vidas.

